

Repaso de morfoloxía, 2º de Bacharelato

1. Clases de palabras. Indica que palabras son as que aparecen nos textos:

a) O mesmo día que Francia anunciaba que no país galo as garderías e escolas reabrían "progresivamente" a partir do 11 de maio, diversas ONG facían un chamamento ao Goberno español para que as crianzas poidan saír á rúa por quendas e con supervisión". (Por certo, como é o plural de ONG?)

b) "Fomos quen de modelizar tanto o número de persoas infectadas como o de persoas falecidas, que é unha cuestión dunha altísima complexidade", aseguran. Daquela lembran que "ao comezo ninguén tomou en serio as nosas predicións".

2. Clases de pronomes: indíca en cada caso o tipo que son os que aparecen nas oracións.

Nisto, chegou Fidel.

Esta non me gusta; tráeme esoutra.

Algúen cho diría.

Ese era o meu. Xa volo dixera antes.

Non o sabía ninguén.

Mercaches abondos. Podías darme un

3. Funcións dos pronomes persoais e clases (tónicos, átonos). Incluídos pron. de solidariedade, dativo de interese.

- Vímola onte á noite convosco.

. Nunca nolo contaches; gustaríanos sabelo.

- Élles moi bo rapaz; nunca mo quixo cobrar.

- Dóechelle moito a cabeza; padéceas (por ex. migrañas).

. Rompéronchelleme o xoguete ao neno. Pelexáronse por el e acabaron rompéndoo.

4. Conxugar verbos:

p1 pres. ind. valer

p4 copretérito caer

p1 pret. ind. vir

p4 pres. subx. roer

p2 pres. subx. moer

p5 copretérito instruír

p2 pret. subx. rir

p5 inf. conx. traer

p3 antepretérito facer

p6 fut. subx. poñer

p3 pospretérito ler

p6 fut. ind. pór

5. Segmentar palabras:

independencia, independente, dependentes, ollomoles, instrución, malentendido, confinamento, aterradores, desafortunadamente e asalariados

6. Segmentar e analizar verbos:

caiban, diminuíu, estiver, faceren, houberdes, irían, teñas e vires.

7. Colocación do pronome átono. Introduce o pronome no lugar correcto (se hai varias posibilidades, indícaaas). Xustifica a colocación.

- Logo fas (a)
- Xa dicía túa nai que ías facer (me, o)
- Eu tamén cría (as).
- Ninguén quería admitir (o)
- Temos que contar (vos, a)

8. Análise sintáctica de:

A incógnita sobre canto tempo durará esta situación fai que a sensación de vulnerabilidade sexa maior.

9. Analizar as perífrases: tipo e valor:

- Non dei rematado o traballo; non vou entregalo.
- Deixa de dicirme o que debo facer.
- Púxose a chorar como un desconsolado; debeulle pasar algo grave.
- Teño comido alí moitas veces.
- Tropecei e houben caer polas escaleiras.
- Acabo de chegar e estou empezando a facer a cea.